

Consellería de Cultura e Xuventude

Decreto 112/1992, do 30 de abril, polo que se crea a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

Segundo os decretos 6/1982, do 29 de xaneiro, e 146/1982, do 1 de decembro, asumíronse as competencias en materia de cultura e asignáronse á Consellería de Cultura e Xuventude.

O desenvolvemento das ditas competencias implica a promoción da defensa, conservación e difusión dos bens culturais.

Por outra banda, a adquisición por parte dos poderes públicos de bens culturais e o seu posterior depósito en arquivos, bibliotecas e museos constitúe hoxe en día un medio eficaz de promover o acceso do conxunto da sociedade a esta clase de bens, garantindo o tempo a súa conservación, exhibición e estudo.

Así mesmo, o crecente número de ofertas de adquisición de bens culturais que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Xuventude, recibe, fai necesaria a creación dunha comisión que asesore a dita consellería ou a calquera outro órgano da Comunidade Autónoma de Galicia, orientándoos e valorando cantas ofertas de adquisición por compravenda, doazón, legado ou depósito se reciben.

Por todo iso e por proposta do conselleiro de Cultura e Xuventude, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de abril de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Créase a Comisión Superior de Valoración e Adquisición de Bens Culturais, como organismo consultivo e asesor adscrito á Consellería de Cultura e Xuventude.

Artigo 2º

Serán funcións da Comisión Superior de Valoración e Adquisición de Bens Culturais, sen prexulzo do establecido na Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega.

a) Valorar e informar sobre os bens culturais que se pretendan adquirir con destino a bibliotecas, arquivos e museos.

b) Informar sobre o exercicio dos dereitos de preferente adquisición, tanteo e retracto que lle correspondan á Xunta de Galicia, en materia de bens culturais.

c) Valorar e informar sobre os bens culturais que se oferten como doazón, legado ou depósito a favor da Comunidade Autónoma de Galicia ou dos centros dos que teña encomendada a xestión.

d) Informar e valorar sobre os bens culturais que se lle oferten á Xunta de Galicia como pagamento da débeda tributaria.

e) Informar a adquisición de obras de arte con destino ós departamentos e organismos dependentes da Xunta de Galicia.

f) Calquera outra función ou informe que se lle encomende neste ámbito, ou aquelas outras que se lle atribúan por disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 3º

3.1. A comisión estará formada polo presidente, o vicepresidente, os vocais e o secretario.

3.2. O presidente será o director xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

3.3. O vicepresidente será o subdirector xeral do Patrimonio Artístico.

3.4. A comisión terá os seguintes vocais: dous vocais designados pola Consellería de Economía e Facenda, sete vocais designados polo conselleiro de Cultura e Xuventude, por proposta do director xeral do Patrimonio Histórico e Documental entre os facultativos de arquivos, conservadores de museos, facultativos de bibliotecas, académicos e docentes en materia de arte, de arquitectura, arqueoloxía e etnografía; dous vocais propostos polo Consello da Cultura Galega.

3.5. Como secretario, con voz e sen voto, actuará o xefe de sección de Inventario e Rexistro de Bens Culturais da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

Artigo 4º

Os membros da comisión serán nomeados por un período de tres anos. Transcorrido este prazo poderán ser nomeados novamente.

Artigo 5º

A comisión poderá solicitar informes ou estudos a especialistas ou institucións sobre aquelas facetas ou aspectos concretos do seu labor cando o xulguen conveniente.

Artigo 6º

6.1. O presidente da comisión convoca as reunións, dirixe as deliberacións e exerce o resto das atribucións que lle confire a Lei de procedemento administrativo. O secretario levanta acta de cada sesión e asnaa co visto e prace do presidente.

6.2. A comisión reunirse de xeito ordinario cada tres meses e con carácter extraordinario sempre que sexa convocada polo presidente ou que o soliciten a maioría simple dos seus membros.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Cultura e Xuventude para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento regulamentario e execución do presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de abril de 1992.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Daniel Barata Quintas
Conselleiro de Cultura e Xuventude

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Orde do 27 de abril de 1992 pola que se convocan exames para a habilitación de guías e guías - intérpretes de turismo.

A Constitución española establece no seu artigo 148.8ª que as comunidades autónomas poderán asumir as competencias en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sinala no seu artigo 27.21 como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, a promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade.

A Comunidade Autónoma galega asumiu xa, con carácter definitivo, as funcións e servizos que en materia turística lle foron transferidos, e entre eles a regulación, coordinación e fomento das profesións turísticas.

No exercicio destas competencias, mediante orde da Consellería de Traballo, Industria e Turismo do 29 de decembro de 1986 creáronse os rexistros de guías de turismo e guías - intérpretes de turismo da Comunidade Autónoma, prevéndose a inscrición nel daqueles que aproben os exames que para a habilitación das ditas profesións se convoquen oportunamente.

Dada a experiencia acumulada sobre o exercicio das actividades turístico - informativas, e tendo en conta a importante función que na relación coa imaxe e os servizos turísticos do país teñen estes profesionais, nestes momentos faise necesario contar con guías e guías - intérpretes de turismo que teñan o seu ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma, co obxecto de lle proporcionar ó turista unha máis completa información acerca dos recursos turísticos de Galicia.

Por isto, en uso das atribucións que me están conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Anúncianse exames para a habilitación de guías de turismo e guías - intérpretes de turismo con ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases contidas nos anexos desta orde.

Artigo 2º

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 1992.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

ANEXO I

BASES.

1.—Para tomar parte nos exames os candidatos deberán de reunir as condicións seguintes:

a) Te-la nacionalidade dun país membro da Comunidade Económica Europea ou con convenio de reciprocidade con España.

b) Ser maior de idade.

c) Para participar nas probas de guías de turismo será preciso estar xa habilitado como guía de turismo ou equivalente nun ámbito territorial distinto ó recollido na presente convocatoria.

d) Os candidatos a guía - intérprete de turismo deberán estar en posesión do título de bacharelato superior ou equivalente.

e) Os aspirantes a guías - intérpretes deberán dominar, polo menos, un dos seguintes idiomas: inglés, francés, alemán, italiano, portugués e xaponés.

2.—Os interesados en participaren nas probas de habilitación terán que presentar unha instancia dirixida o secretario xeral para o Turismo, segundo os modelos que figuran no anexo III, no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, no rexistro da Secretaría Xeral para o Turismo, praza de Mazarelos, 15, Santiago de Compostela, nas delegacións provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública, nos servizos provinciais de Turismo, ou por calquera dos medios ós que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo.

Os aspirantes a guías de turismo deberán xuntarlle a esta instancia a documentación acreditativa da súa habilitación de guía ou equivalente.

Os aspirantes que estean habilitados para o exercicio da profesión de guías - intérpretes de turismo nun ámbito territorial diferente ó recollido na presente convocatoria poderán solicitar que se lles exima da obriga de realiza-la proba daquel ou daqueles idiomas que xa